

ESQUEMA DE TRABALLO EN RELIXIÓN CÁTOLICA 1º DE E.P.

PROFESORA: PATRICIA MONTERO GALDO

MATERIAIS:

- Carpeta onde gardamos os traballos.
- Recursos WEB.
- Material audiovisual.
- Recursos fotocopiados e de elaboración propia.
- Contos e relatos bíblicos.

PLAN DE TRABALLO:

Comezamos sempre a sesión saudando e dando os bos días. A continuación pasaremos a facer unha lectura ou a visualizar un vídeo da temática a traballar para despois dar paso ó traballo diario que será responder sinxelas preguntas, debates, etc..mediante os cales abordaremos os contidos da materia dun xeito lúdico.

Antes de marchar recolleremos o material e gardaremos os traballos de forma ordeada ata a próxima sesión.

CONTIDOS POR TRIMESTRE:

Os bloques de contidos desta materia son globais, polo que serán traballados nos tres trimestres de xeito gradual: o coidado do que nos rodea, a convivencia, a amizade como valor cristián e as grandes festas do noso entorno.

CRITERIOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN:

- No referente á avaliación para a valoración do grao de adquisición das competencias e o logro dos obxectivos serán os criterios de avaliación recollidos para cada unha das temáticas a traballar.
- A avaliación será global, continua e formativa.
- Para a obtención da nota final terase en conta o traballo na aula, a actitude ante a materia e o cumprimento das normas e a corrección das tarefas.
- O alumnado que cursa Relixión adquirirá xunto co resto das materias as competencias precisas para a superación do ciclo.
- Os resultados da avaliación exprésanse con carácter informativo cunha cualificación numérica nunha escala do 1 ao 10.